




A REFLEXIÓN TARDÍA



Queremos facer chegar a todos os lectores, o noso desacordo co chamado “bulling” (termo inglés que se asigna ás persoas que están maltratadas) e manifestar que este conto xa é vello e non só é o caso illado acontecido a Jokin. Segundo os datos, un 4% dos menores españois sofren a diario este tipo de acoso (vexacións, humillacións, burlas, desprezo por parte dos compañeiros ata chegar a un maltrato físico...). Cada vez máis casos van saíndo á luz e psicólogos, pais e profesores amósanse máis preocupados por este aumento na violencia nas aulas, pero toda esta preocupación, coma sempre, prodúcese despois dun feito alarmante, que terá en vilo á sociedade un certo

tempo pero que acabará como todos os temas e debates: esquecidos nun recuncho, xa que outros ocuparán a atención da xente.

Volvendo ó caso de Jokin, ¿por que non se evitou? ¿por que os mestres non impuxeron a súa disciplina? ¿que falla no sistema educativo?; estas son as preguntas que todos nos facemos. Esta situación deriva da reconversión de sociedade: esta é cada vez máis permisiva cos acosadores; do nefasto e absurdo sistema educativo, no que todos os “papás” e “mamá” están tendo parte, xa que nin educan nin deixan educar (pobre do profesor que lle fale mal ó seu nené). Eles mesmos sen darse conta están creando estes acosadores protexidos, que cada día se dedican a martirizar a compañeiros máis inseguros ou débiles ca eles. Desesperados ó non verse defendidos e soportando estas vexacións, por medo sim-

plemente a que non os chamen chivatos, porque os autónomos son escasos e fai falta moita seguridade nun mesmo e estar disposto a soportar as represalias.

Esperamos que esta reflexión remova as supostas conciencias e que sirva para algo máis que como entretemento literario, porque xa non son poucos os casos que acabaron como o de Jokin, e xa non só en suicidios senón tamén en anorexias, enfermidades psicolóxicas e un longo etcétera. E por último, outro punto de desacordo coa sociedade é que estes casos teñen que estar sempre presentes, sen fecha de caducidade na nosa mente e non só poñer cara afectada no telexornal ou ollos chorosos cando o xornalista nos “pilla” en medio da manifestación en cuestión ou acendendo a veliña diante do colexio, cando previamente consentimos que acabase en traxedia e non fixemos nada por evitalo.

CANTO O SENTIMOS TODOS...

Escribo este artigo, despois dunhas cantas semanas de que o asunto de Jokin, un rapaz que se suicidou en Fuenterrabía desesperado polo acoso dos seus compañeiros de clase, saíse á luz. Caso que me chamou a atención, e que seguramente a maioría de vós xa coñecedes.

O correcto quizais sería

escribilo antes do suceso...pero nestes casos, xa se sabe...feito que agora pouco importará á xente, aínda que non podo ter a certeza de que así sexa, oxalá que non. Pero coñecendo a paisaxe, imaxino que haberá xa outros sucesos e novidades que ocupen a atención da xente, normal, e que no seu instituto xa

ninguén andarás poñendo velas, nin notas con mensaxiñas, nin soltando bágoas, xa saben: rapaz perdóanos, compañeiro, amigo, colega, non soubemos defenderte, fomos covardes, morremos de remordementos, etcétera. En realidade pode ser así, non digo que non, pero o bo dos remordementos é que non

CANTO O SENTIMOS TODOS...



teñen data de caducidade, como os iogures, por exemplo. Un acende a veliña, pon cara solemne e afectada para o telexornal, abrázase chorando á compañeira de clase e listo. A vida segue.

O que si espero é que a familia perdoase o imprescindible, e que aínda estea buscándolles as voltas aos mozos que martirizaron a Jokin, e, sobre todo, aos non tan mozos – profesores, educadores, ou o que sexan, que deberían ter evitado aquilo. ¿Ou quizais a culpa non fose deles? Entón...¿dos compañeiros?¿dos pais dos compañeiros?¿ou ao mellor dun problema educativo na sociedade? Non sabemos...pero o de Jokin, xa non ten solución.

O caso do rapaz acosoado e sometido a presións polos seus compañeiros, o seu silencio para que non o insultasen nin lle chamasen “chivato”, a súa desesperación ao non verse defendido por ningún compañeiro ou polos profesores, é vello e repítese cada día, en numerosos centros escolares, e do que todos somos cómplices; ¡todos! Hai casos nos que a persoa, dependendo da súa forma de ser e actuar, en circunstancias similares pasa o tempo gañando

cos puños o respecto dos compañeiros de clase. Todos presenciamos isto algunha vez ¿ou non? Pero isto non sempre é posible, nin por suposto aconsellábel. Non todo o mundo ten a sorte, ou a desgraza, de poder converter a súa soidade nun grito de pelexa, nin creo que sexa o máis adecuado. Non todos os mozos son duros, nin o colexio é un patio de boxeo. Para montalo un mesmo penso que fai falta moita seguridade nun , e estar disposto a pagar o prezo; sobre todo agora, que isto do bo rolloño, a integración, os amigos a punta e pala e a pandilla “guay do paraguay” está de moda. Tampouco todos os profesores teñen medios para manter a disciplina, e este sistema educativo no que nos desenvolvemos ponse costa arriba. Antes, cando un alumno era un ignorante da explicación da clase ou faltaba un mínimo ao respecto, era castigado cunhas bofetadas, procurando non deixarlle sinais e listo. Os tempos cambiaron e o trato alumno-profesor non debe saír do diálogo, das palabras. Nin unha simple colleja vale; míralos mal e listo. Pero os cabroncetes sábenas todas. E algúns pais, nin educan nin deixan educar. Ausencia de educación e respecto...cada sociedade ten o que gaña a pulso.

Pero tal como anda o mundo, non sei vós, pero eu xa empezo a estar farta de tanta lagrimiña, tanto osiño de peluche, tanta veliña

acesa e tanto conto despois de que sempre acontezan casos así e similares. Aquí todo o arranxamos manifestándonos collidos da man, moi chorosos e afectados, facendo instrumentos iluminarios e floridos, que logo fotografan dicindo o solidarios que somos. O mesmo que con centos de mulleres asasinadas cada día polo seu marido ou coas vítimas dun atentado terrorista. Perdóanos fulaniño, d e s c ú l p a n o s menganiña...sabiamos e non fixemos nada; oímos e tapamos as orellas; vimos e tapamos os ollos; ulimos e tapamos o nariz; fomos amigos, familiares, veciños, profesores, xuíces...e non quixemos complicarnos a vida.

Gobernamos todos e fomos incapaces de prever, snif. Ninguén é perfecto. Pancarta, vela, rezo, bágoa...todo isto está moi ben cando se sente e se reclama como voz das miles de inxustizas que acontecen cada día, pero ata certo punto, por favor.

Lorena Varela-1ºbac

